# AL-ÁNDALUS E REINOS HISPÁNICOS



1. ETAPAS POLÍTICAS DO AL-ÁNDALUS

a) PRIMEIRAS CONQUISTAS E EMIRATO DEPENDENTE
b) EMIRATO INDEPENDENTE
c) CALIFATO DE CÓRDOBA
d) REINOS TAIFAS
e) IMPERIOS NORTEAFRICANOS
f) REINO NAZARÍ DE GRANADA

2. SOCIEDADE E CULTURA HISPANO-MUSULMÁ

3. OS REINOS CRISTIÁNS HISPÁNICOS

A) NACEMENTO DOS REINOS CRISTIÁNS HISPÁNICOS

B) DO REINO DE LEÓN Á COROA DE CASTELA

C) EVOLUCIÓN DOS NÚCLEOS PIRENAICOS

D) RECONQUISTA E REPOBOACIÓN

E) A COROA DE CASTELA

F) A COROA DE ARAGÓN

G) FINAL DA IDADE MEDIA NOS REINOS HISPÁNICOS

4. LEGADO PRERROMÁNICO E MUDÉXAR

5. GALICIA NA IDADE MEDIA

# ETAPAS POLÍTICAS DO AL-ÁNDALUS

# A. PRIMEIRAS CONQUISTAS E EMIRATO DEPENDENTE (711-756)

***TARIK IBN ZIYAD***, XENERAL DO WALÍ DO MAGREB ***MUSA IBN NUSAYR***, NO ANO **711** VENCE AO REI VISIGODO **RODRIGO** NA **BATALLA DE GUADALETE**. CONQUÍSTASE TODA A PENÍNSULA EXCEPTO UN RECUNCHO NO NORTE (**BATALLA DE COVADONGA,** ANO **722** ONDE SE FALA DA FIGURA DE ***DON PELAIO*** E ONDE SE INICIA A RECONQUISTA).



# B. EMIRATO INDEPENDENTE (756-929)

SÓ DEPENDENTE RELIXIOSAMENTE DE **BAGDAD**. NO ANO 756 CHEGA O DERRADEIRO **OMEIA** FUXINDO DA MATANZA ABASÍ (**ABDERRAMÁN I**). PROCLAMA O EMIRATO DE CÓRDOBA.



# C. CALIFATO DE CÓRDOBA (929-1031)

- ***ABDERRAMÁN III*** SUBE Ó PODER NO ANO **912** COMO EMIR. PROCLAMOUSE CALIFA NO ANO **929,** NON RECOÑECENDO A AUTORIDADE RELIXIOSA DE BAGDAD. GRANDE ESPLENDOR POLÍTICO E CULTURAL. CÓRDOBA CONVERTEUSE NA PRINCIPAL CIDADE DE OCCIDENTE.
- CON ***ALHAKÁN I*** E ***HIXEN II*** O CALIFATO ENTROU NUNHA GRAVE CRISE, ATA A CHEGADA DUN CAUDILLO MILITAR CHAMADO ***ALMANZOR*** . TRALA SÚA MORTE NO ANO **1002** O CALIFATO ESMORECE ATA DESAPARECER NO ANO **1031**.



# D. REINOS TAIFAS (1031-1085)

- TAIFA EN ÁRABE SIGNIFICA BANDO. COMPRENDÍAN UNHA CIDADE PRINCIPAL E UN TERRITORIO DE ARREDOR, DOMINADOS POR *ÁRABES* EN CÓRDOBA, SEVILLA, BADAXOZ, TOLEDO, ZARAGOZA E MURCIA; OS MUSULMÁNS DE ORIXE ESLAVA (*EUROPEOS*) NOS REINOS DO LESTE COMO VALENCIA, TORTOSA OU ALMERÍA, E OS *BÉRBERES* EN MÁLAGA E GRANADA.
- A DEBILIDADE DESTES REINOS LEVOUNOS A PACTAR ALIANZAS CON REINOS CRISTIÁNS DO NORTE E A PAGAR IMPOSTOS (**PARIAS**).
- **AFONSO VI** , REI DE CASTELA E LEÓN CONQUISTA **TOLEDO** NO ANO **1085**, E OS TAIFAS PENINSULARES PIDEN AXUDA AOS **ALMORÁBIDES** DE MAURITANIA.



# E. IMPERIOS NORTEAFRICANOS

OS ALMORÁBIDES ERAN BÉRBERES QUE PROFESABAN OS PRINCIPIOS MÁIS ESTRITOS DO ISLAM. EN **1086** CRUZAN O ESTREITO. EN **1144** A IMPOPULARIDADE DOS ALMORÁBIDES DESEMBOCA NO SEGUNDO PERÍODO DE TAIFAS.



NO ANO **1147** OS **ALMOHADES** DO NORTE DE ÁFRICA LANZAN UNHA NOVA OFENSIVA CONTRA OS REINOS CRISTIÁNS, PERO UNHA UNIÓN DESTES REINOS PROVOCA A DERROTA MUSULMÁ NAS ***NAVAS DE TOLOSA*** EN **1212**.



# F. REINO NAZARÍ DE GRANADA

ÚLTIMO TERRITORIO MUSULMÁN NA PENÍNSULA. REINO DÉBIL QUE FOI VASALO DE CASTELA. OS ENFRONTAMENTOS INTERNOS DEBILITARON O REINO E FACILITARON A CONQUISTA CRISTIÁ POLOS REIS CATÓLICOS EN 1492




Reino nazarí de Granada en el siglo XV.

# 2. SOCIEDADE E CULTURA NO AL-ÁNDALUS

# SOCIEDADE

**SOCIEDADE HETEROXÉNEA**: DESTACABAN OS **CONQUISTADORES:**

-A **MINORÍA DE ORIXE ÁRABE,** QUE RESERVOU AS MELLORES TERRAS E OS CARGOS DE GOBERNO.

**-CONQUISTADORES BERBERES** TIÑAN UNHA POSICIÓN INFERIOR.

O **RESTO DA POBOACIÓN ORGANIZADA** SEGUNDO **CRITERIOS RELIXIOSOS**:

**-MULADÍS** (ANTIGOS CRISTIÁNS QUE ADOPTARON A RELIXIÓN, A LINGUA E OS COSTUMES DO ISLAM)

- **MOZÁRABES OU** CRISTIÁNS QUE CONTINUARON PRACTICANDO A SÚA RELIXIÓN.

**-XUDEUS,** PRACTICANTES DA RELIXIÓN HEBREA.

-AS **MULLERES** ESTABAN SOMETIDAS Á AUTORIDADE DO PAI OU DO MARIDO, PERO GOZABAN DE MAIOR LIBERDADE.

**-ESCRAVOS**: CHANZO MÁIS BAIXO DA SOCIEDADE


CONQUISTADORES E OS SEUS DESCENDENTES DE ORIXE ÁRABE
CONQUISTADORES E OS SEUS DESCENDENTES DE ORIXE BERBER
MULADÍS
MOZÁRABES E XUDEUS
MULLERES
ESCRAVOS

# ARQUITECTURA HISPANO-MUSULMÁ

CONSTRUÍAN CON M**ATERIAIS POBRES**, COMO O LADRILLO, EMPREGANDO COLUMNAS E PIARES PARA SOSTER DIVERSOS TIPOS DE **ARCOS**, SOBRE TODO DE **FERRADURA**, DE **FERRADURA APUNTADO** E **POLILOBULADO**.

UTILIZABAN **ABUNDANTE DECORACIÓN E**MPREGABAN MOTIVOS VEXETAIS E XEOMÉTRICOS, E INSCRICIÓNS CON VERSOS DO CORÁN E MEDIANTE **CELOSÍAS E VIDREIRAS** CONSEGUÍAN XOGOS DE LUZ E SOMBRAS. OS EDIFICIOS CUBRÍANSE CON **TEITOS PLANOS** DE MADEIRA, PERO TAMÉN USARON A **CÚPULA**...



ARCO DE FERRADURA



ARCO DE FERRADURA APUNTADO



ARCO POLILOBULADO

# ARTE DO AL-ÁNDALUS





Mesquita de Córdoba (detalle da sala de oracións). Arte califal. Destacan as columnas reaproveitadas, a dobre arcada (inferior de ferradura e superior de medio punto) para dar máis altura ao edificio, e a combinación de doelas brancas e vermellas.

Mirhab da Mesquita de Córdoba. Arco de ferradura inscrito en un alfíz con decoración epigráfica.






Medina-Azahara (Córdoba). Arte califal. Restos do palacio califal.

Cristo de la Luz (Toledo). Antiga mesquita de Bab al-Mardúm. Período califal.



Aljafería de Zaragoza. Período reinos taifas. Destacan os arcos polilobulados sobre columnas pareadas e arcos entrecruzados.





Xiralda de Sevilla. Arte almohade. Antigo alminar da mesquita reconvertida a torre da catedral cristiá. Destaca a decoración de rede de rombos ou sebkas.

Torre do Ouro de Sevilla. Arte almohade. Torre defensiva de planta octogonal.





Patio dos leóns da Alhmabra de Granada. Arte nazarí.

Cúpula de mocárabes da Sala das Dúas irmás da Alhambra de Granada. Arte nazarí.

# OS REINOS CRISTIÁNS HISPÁNICOS



# A. NACEMENTO DOS REINOS CRISTIÁNS HISPÁNICOS

- NA CORDILLEIRA CANTÁBRICA CREOUSE **O REINO ASTUR-LEONÉS**. ***PELAIO***, TRALA ***BATALLA DE COVADONGA (722),*** CREA O **REINO DE ASTURIAS,** COA CAPITAL EN OVIEDO. CON ***AFONSO III***, O REINO CHEGOU ATA O DOURO, E Á SÚA MORTE A CAPITAL PASA A SER LEÓN (910), E A CHAMARSE **REINO DE LEÓN**.
- NO PIRENEOS, CARLOMAGNO FUNDARA A MARCA HISPÁNICA. NO SÉCULO IX, AO DISOLVERSE O IMPERIO CAROLINXIO, NACEN O **REINO DE NAVARRA,** DE MANS DO CONDE ***ÍÑIGO ARISTA***, O **REINO DE ARAGÓN,** OBRA DO CONDE ***ARNAR GALÍNDEZ***, E OS CONDADOS CATALÁNS, XA A FINAIS DO SÉCULO IX, EN MANS DE ***WILFREDO O PILOSO.***



# B. DO REINO DE LEÓN Á COROA DE CASTELA

NO S. X APARECE O ***CONDADO DE CASTELA***, COMO TERRA FRONTEIRIZA DO REINO DE LEÓN. UNIRANSE BAIXO A AUTORIDADE DO CONDE **FERNÁN GONZÁLEZ (930-970)**, QUE VAI A TER UNHA GRANDE AUTONOMÍA. NO ANO **951** FOI QUEN DE GOBERNAR DE FORMA INDEPENDENTE CON RESPECTO A LEÓN, AÍNDA QUE SEGUE SENDO VASALO.

NO ANO **1035** ***FERNANDO I*** VAI A CONVERTERSE NO PRIMEIRO REI DE LEÓN E CASTELA. NO ANO **1142** PRODÚCESE A INDEPENDENCIA DE **PORTUGAL**.

HOUBO VARIAS SEPARACIÓNS E UNIÓNS, PERO A UNIÓN DEFINITIVA PRODÚCESE NO ANO **1230** CON ***FERNARDO III***, PROCLAMANDO A ***COROA DE CASTELA***.



# C. A EVOLUCIÓN DOS NÚCLEOS PIRENAICOS

O MOMENTO DE MÁXIMO ESPLENDOR DO REINO DE NAVARRA FOI **CON SANCHO III O MAIOR (1000-1035).** TRALA SÚA MORTE, O REINO FRAGMENTOUSE ENTRE OS SEUS FILLOS: **GARCÍA SÁNCHEZ HERDA NAVARRA, FERNANDO I HERDA CASTELA E LEÓN, RAMIRO I CONVERTESE EN REI DE ARAGÓN, E GONZALO HERDA SOBRARBE E RIBAGORZA**.

**RAMIRO I** SERÁ, XA QUE LOGO, O PRIMEIRO REI DA DINASTÍA ARAGONESA. TRAS OUTRO PERÍODO DE UNIÓN CON NAVARRA, NO ANO **1137, PETRONILA, FILLA DE RAMIRO II DE ARAGÓN E RAMÓN BERENGUER IV, CONDE DE BARCELONA,** FUNDAN A **COROA DE ARAGÓN**.



# D. RECONQUISTA E REPOBOACIÓN

**RECONQUISTA**: PROCESO DE AVANCE DOS REINOS CRISTIÁNS CARA AO SUR. DEFENDÍAN QUE AS TERRAS DA PENÍNSULA ERAN SÚAS POR CONSIDERARSE HERDEIROS DO REINO VISIGODO. ETAPAS:

-*AVANCE ATA O RÍO DOURO: S. IX-X*. HABÍA UN BALEIRO DEMOGRÁFICO, POIS NON INTERESABA A NINGUÉN. GRUPOS DE CAMPESIÑOS FORON COLONIZANDO ESAS TERRAS.

-*CONQUISTAS DOS VALES DOS RÍOS TEXO E EBRO*. TRALA DISOLUCIÓN DO CALIFATO EN 1031, E ANTE A DEBILIDADE DOS REINOS TAIFAS, QUE PAGABAN **PARIAS** (CANTIDADES DE OURO). PORTUGAL E CASTELA DURANTE OS SÉCULOX XI E XII FIXAN A FRONTEIRA CO AL-ÁNDALUS. NO LESTE, ZARAGOZA E TERUEL CAEN EN MANS DO REINO DE ARAGÓN.

-*CONQUISTA DO VAL DO GUADALQUIVIR, LEVANTE E BALEARES*. TRALA BATALLA DAS NAVAS DE TOLOSA EN 1212. PORTUGAL CONQUISTA O ALGARVE, CASTELA, ANDALUCÍA E MURCIA, ARAGÓN, VALENCIA E BALEARES.




Reconquista

Avance dos reinos cristiáns

**REPOBOACIÓN**

-**ATA O SÉCULO XI**, OS REIS ORGANIZABAN AS TERRAS CONQUISTADAS EN TERRITORIOS FORMADOS POR UNHA VILA E NUMEROSAS ALDEAS. PARA ATRAER POBOADORES, OUTORGABAN **CARTAS DE POBOAMENTO** OU **FOROS**, QUE ERAN DOCUMENTOS QUE OUTORGABAN PRIVILEXIOS AOS QUE RESIDÍAN NESE TERRITORIO. NAS ALDEAS VIVÍAN CAMPESIÑOS LIBRES.

-**A PARTIRES DO SÉCULO XI**, OS REIS DIVIDEN AS TERRAS CONQUISTADAS EN LATIFUNDIOS QUE ENTREGAN A NOBRES OU **ORDES MILITARES** (MONXES-SOLDADOS). OS CAMPESIÑOS QUE ALÍ TRABALLABAN ERAN SERVOS.



# E. A COROA DE CASTELA



**ORGANIZACIÓN MUNICIPAL**: ÓRGANO MÁIS IMPORTANTE ERA O ***CONCELLO***, GOBERNADO POLOS **REXEDORES**, XUNTO COS **ALCALDES** E **XUÍCES**. A FINAIS DO S. XIV APARECEN OS REPRESENTANTES DO MONARCA NAS CIDADES, OS **CORRIXIDORES**.

**ECONOMÍA**: **AGRICULTURA** BASEADA NO CULTIVO DA *VIDE*, *OLIVEIRA* E *CEREAIS*.

**GANDARÍA**: CRÍA DA O*VELLA MEIRIÑA*, QUE TIÑA UNHA LA DE ALTA CALIDADE. OS RABAÑOS ERAN TRANSHUMANTES, PERCORRENDO A PENÍNSULA A TRAVÉS DAS CAÑADAS. OS NOBRES ERAN OS PRINCIPAIS PROPIETARIOS. EN **1273, AFONSO X** RECOÑECEU O ***HONRADO CONCEJO DE LA MESTA***, OUTORGÁNDOLLE NUMEROSOS PRIVILEXIOS, EN DETRIMENTO DOS CAMPESIÑOS.

A VENDA DA LA MEIRIÑA FAVORECEU AS FEIRAS COMERCIAIS, COMO A DE ***MEDINA DEL CAMPO*** (***VALLADOLID***)



Concejo de la Mesta

# F. A COROA DE ARAGÓN




**UNIÓN DINÁSTICA** NA QUE CADA TERRITORIO MANTIVO AS SÚAS PROPIAS LEIS E INSTITUCIÓNS.

O REI TIÑA MENOS PODER QUE EN CASTELA, E NECESITABA O APOIO DAS **CORTES**.

HABÍA INTISTUCIÓNS QUE VELABAN POLO CUMPRIMENTO DAS LEIS E OS FOROS: **DEPUTACIÓN** DE ARAGÓN E **GENERALITAT** DE CATALUÑA E VALENCIA.

PARA A ADMINISTRACIÓN MUNICIPAL, HABÍA **CABIDO DE XURADOS**, PRESIDIDOS POR UN **ALCALDE** (ARAGÓN) E **MAXISTRADOS** ASESORADOS POR UN **CONSELL** (CATALUÑA)

**EXPANSIÓN POLO MEDITERRÁNEO**: PEDRO O GRANDE E OS SEUS SUCESORES DESDE FINAIS DO SÉCULO XIII CONQUISTAN **SICILIA, SARDEÑA** E **NÁPOLES**.

**ECONOMÍA**: PREDOMINIO DA **AGRICULTURA**, SOBRE TODO AS HORTAS DE VALENCIA. **GANDERÍA OVINA** EN ARAGÓN.

DESTACA O **COMERCIO**. OS MARCADORES CONTABAN CON ***CONSULADOS DO MAR***, QUE ERAN DELEGACIÓNS SITUADAS EN DIVERSAS CIDADES EUROPEAS. COMO CONSECUENCIA DO AUXE COMERCIAL, DESENVOLVÉRONSE AS **ACTIVIDADES MANUFACTUREIRAS**.



# G. FINAL DA IDADE MEDIA NOS REINOS HISPÁNICOS

**CASTELA**: MALAS COLLEITAS, FAMES, PESTES, PERSECUCIÓNS CONTRA OS XUDEUS. O DESCENSO DEMOGRÁFICO PROVOCOU O AUMENTO DO ALUGUEIRO DAS TERRAS PARA QUE OS NOBRES NON PERDERAN INGRESOS. COMO RESPOSTA, XORDEN AS REVOLTAS CAMPESIÑAS (LEVANTAMENTO IRMANDIÑO EN GALICIA). REBELIÓNS DA NOBREZA PROVOCOU O ASCENSO DA DINASTÍA TRASTÁMARA NA FIGURA DE **HENRIQUE II**, QUE ENTREGOU TERRAS E TÍTULOS NOBILIARIOS AOS SEUS SEGUIDORES.

**ARAGÓN**: CRISE DEMOGRÁFICA E ECONÓMICA PROVOCA REVOLTAS E GUERRA CIVIL. A **DINASTÍA TRASTÁMARA** ACCEDE AO TRONO EN **1412** TRALO ***COMPROMISO DE CASPE***, ONDE SE RECOÑECE A **FERNANDO I** COMO REI. AO LONGO DO SÉCULO HOUBO VARIOS CONFLITOS SOCIAIS: AS ***GUERRAS REMENSAS*** (GUERRAS DOS CAMPESIÑOS CATALÁNS CONTRA OS MALOS USOS DOS NOBRES), QUE FINALIZA NA ***SENTENZA ARBITRAL DE GUADALUPE DE 1486***; ***GUERRA CIVIL EN BARCELONA***, COMEZANDO CO CONFLITO ENTRE **MENESTRALES** (**BIGA**) E **PEQUENOS COMERCIANTES** (**BUSCA**) E O ENFRONTAMENTO COA MONARQUÍA QUE FINALIZA COA ***TOMA DA CIDADE POR XOÁN II EN 1472***

# 4. LEGADO PRERROMÁNICO E MUDÉXAR

**ARTE ASTURIANA (S. X)**

EDIFICIOS DE PLANTA RECTANGULAR, CON *ARCOS DE MEDIO PUNTO* E CUBERTOS CON *BÓVEDA DE CANÓN*. DESTACAN **SANTA MARÍA DO NARANCO E SAN MIGUEL DE LILLO.**



Santa María del Naranco



San Miguel de Lillo

**ARTE MOZÁRABE (S.X)**

ESTILO DESENVOLVIDO POLOS CRISTIÁNS QUE VIVÍAN EN TERRITORIO MUSULMÁN E QUE EMIGRARON CARA O NORTE CANDO A SÚA SITUACIÓN EMPEOROU. USO DE *ARCO DE FERRADURA* E *CAPITEIS* QUE LEMBRAR A ARTE MUSULMÁ. DESTACAN AS IGREXAS DE **SAN MIGUEL DE LA ESCALADA (LEÓN**) E **SAN MIGUEL DE CELANOVA (OURENSE).**



San Miguel de la Escalada



San Miguel de Celanova

**ARTE MUDÉXAR (S.XII)**

NACE EN **SAHAGÚN (LEÓN),** POR CUADRILLAS DE ALBANEIS MUSULMÁNS CONTRATADOS POLOS REINOS DO NORTE. USO DO *BARRO COCIDO*. SEGUEN OS PATRÓNS ARTÍSTICOS DAS DISTINTAS ÉPOCAS: *ROMÁNICO MUDÉXAR* E *GÓTICO MUDÉXAR*. FILIGRANAS QUE DEBUXAN CON LADRILLOS E USO DE AZULEXOS SON CARACTERÍSTICAS IMPORTANTES.



Catedral de Teruel



San Salvador de los Caballeros (Toro)

# 5. GALICIA NA IDADE MEDIA

**REINO SUEVO E INVASIÓN MUSULMÁ**

OS **SUEVOS** CREARON UN REINO CON CAPITAL EN BRAGA NO **411** ATA A SÚA EXPULSIÓN POLOS VISIGODOS NO **585**. ESPLENDOR CULTURAL CON **SAN MARTÍN DE DUMIO** QUE CREOU UNHA REDE DE MOSTEIROS, E ORGANIZOU O TERRITORIO EN **PARROQUIAS**. A SOCIEDADE ERA RURAL. TRALA INVASIÓN MUSULMÁ, E A SÚA POUCA PRESENZA, GALICIA INICIOU A REPOBOACIÓN VINCULADA Á MONARQUÍA ÁSTUR-LEONESA. ÉPOCA DE INVASIÓNS NORMANDAS E MUSULMÁS, E DE CONFLITOS COS REIS ÁSTUR-LEONESES.

**REINO DE GALICIA**

DURANTE OS SÉCULOS X, XI E XII GALICIA TIVO REIS PROPIOS PERO COA UNIÓN DEFINITIVA DE LEÓN E CASTELA NO SÉCULO XIII, QUEDOU INTEGRADA NA MONARQUÍA CASTELÁ. O ACHADO DO SEPULCRO DO **APÓSTOLO SANTIAGO** NO ANO **813**, DURANTE O REINADO DE **AFONSO II**, VINCULA A GALICIA COS REINOS CRISTIÁNS DO OCCIDENTE EUROPEO.

**SOCIEDADE FEUDAL**

**NOBRES**, **ABADES** E **BISPOS** CONCENTRAN A PROPIEDADE DA TERRA E O PODER POLÍTICO.

MAIORÍA DE POBOACIÓN QUE SON **CAMPESIÑOS** EN CONDICIÓNS DE SERVIDUME.

O RESTO DOS TRABALLADORES AGRUPADOS EN GREMIOS (**ARTESÁNS, MARIÑEIROS,** ETC)

OS **MOSTEIROS** ORGANIZAN A PRODUCIÓN AGRARIA.

GALICIA CONTABA CON **RUTAS DE COMERCIO** CO MEDITERRÁNEO E CON EUROPA DO NORTE,

**A ERA COMPOSTELÁ E AS CRISES BAIXOMEDIEVAIS**

CRECEMENTO DE **COMPOSTELA** E IMPORTANCIA DO **ARCEBISPO XERMIREZ**. A PARTIRES DO SÉCULO XII REGULÁRONSE AS RELACIÓNS FEUDAIS MEDIANTE O **FORO** (CONTRATO AGRARIO DE LONGA DURACIÓN).

A PARTIRES DO SÉCULO XII DIMINÚE A POBOACIÓN DEBIDO A FAMES, GUERRAS E PESTES.

NO SÉCULO XV HOUBO **REVOLTAS CAMPESIÑAS E BURGUESAS** CONTRA O PODER DOS SEÑORES FEUDAIS: SON AS CHAMADAS **REVOLTAS IRMANDIÑAS**.

**CULTURA**

APOXEO CULTURAL GALEGO ENTRE OS S. XI E XIII. A ARTE, A LITERATURA E A MÚSICA IMPÚLSANSE GRAZAS AO **CAMIÑO DE SANTIAGO**.

PROMÓVESE A CONSTRUCIÓN DE **CATEDRAIS, MOSTEIROS** (*ESTILO CISTERCIENSE*) E **PEQUENAS IGREXAS** (*ROMÁNICO RURAL*). RENACE A ESCULTURA DE MAN DO ***MESTRE MATEO***.

O **GALEGO** AFÁSTASE DO LATÍN E CONSTITÚESE COMO LINGUA DE SEU QUE DESENVOLVE UNHA RICA LITERATURA.